



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 22 DE DECEMBRO DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez</p>
---	--

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas da sesión extraordinaria de data 9 de decembro de 2016 e da sesión ordinaria de data 15 de decembro de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 21/12/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:



Número de relación	2016 - 000047
Importe total	182.010,08 €
Número de facturas	98
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33297732B
Importe	19.080,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1511001H
Importe	281,32 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	19/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de dúas páxinas publicitarias en especiais co motivo da celebración das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000649		
Importe (IVE Incluído):	1.936,00 €		
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017		

Nº Proposta	2	Data	19/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de dunha páxina publicitaria en especial de El Correo Gallego co motivo da celebración das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000391		
Importe (IVE Incluído):	1.815,00 €		
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017		

Nº Proposta	3	Data	19/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de dunha páxina publicitaria en especial navideño co		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

		motivo da celebración das Festas do Nadal	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15162068		
Importe (IVE Incluído):	1.452,00 €		
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017		

Nº Proposta	4	Data	19/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Cobertura publicitaria en prime time, gravación, montaxe e emisión das actividades de Nadal, co motivo da celebración das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.		
NIF/CIF:	B36223600		
Importe (IVE Incluído):	1.428,41 €		
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017		

Nº Proposta	5	Data	19/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Gravación dunha felicitación de Nadal que será emitida 12 veces, co motivo da celebración das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EVENTOS INSUELA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EVENTOS INSUELA, S.L.		
NIF/CIF:	B70369756		
Importe (IVE Incluído):	1.452,00 €		
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017		

Nº Proposta	6	Data	21/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación dun planetario e organización de actividade astronómica co motivo da celebración das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARCO ANTONIO VILAR SANLÉS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARCO ANTONIO VILAR SANLÉS		
NIF/CIF:	52937181J		



Importe (IVE Incluído):	484,00 €
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2017

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

1.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga RENACER para a renovación da súa páxina web, de data 14/11/2016.

Vista a documentación achegada para a renovación da súa páxina web, mediante escrito presentado pola Asociación Antidroga RENACER, de data 19/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16.425)

Vista a **proposta** da Alcaldía, de data 20/12/2016.

Visto o **informe** de fiscalización previa (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 21/12/2016.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 3.000,00 €, á **Asociación Antidroga RENACER** (CIF G15281611) para a renovación da súa páxina web, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

2.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. COMISIÓN POLA RECUPARACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA BARBANZA.

Vista a documentación achegada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza, de data 06/10/2016 (Rexistro de entrada nº 12.953)

Visto o **informe** emitido ao respecto pola secretaria da Comisión Avaliadora de achegas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2015, Montserrat Iglesias Senra, de data 21/12/2016.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 765,00 €, á **Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza** (Subvención



acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 24/09/2016).

B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

III.- CONTRATACIÓN.

1.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DA SUBMINISTRACIÓN DE “SINAIS VERTICAIS PARA VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO DE RIVEIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar a subministración de “sinais verticais para vías e espazos públicos do municipio de Riveira”, segundo o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 30/11/2016, cun orzamento total de 11.838,64 euros (valor estimado do contrato: 9.784,00 euros; IVE 21%: 2.054,64 euros).

O expediente de contratación (como contrato menor con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo-), o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 30/11/2016, e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 132. 62320, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 09/12/2016.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia) na data 09/12/2016.

O prazo de presentación de ofertas rematou na data 14/12/2016.

Para a adxudicación do contrato presentáronse, dentro de prazo, as seguintes ofertas que, unha vez realizada pola Mesa de Contratación a apertura dos sobres de cada licitador, dou o resultado seguinte:

Licitador	Registro de Entrada		Valor estimado (prezo sen IVE)
	Data	Número	
Señalizaciones Norte, S.L.	13/12/2016	16.133	7.626,74 euros
Torneiro Maquicoruña, S.A.	14/12/2016	16.200	9.550,00 euros
Industrias Saludes, S.A.U.	14/12/2016	16.224	7.496,61 euros
Señalizaciones y Obras Fernández,	14/12/2016	16.226	7.414,18 euros
Lacroix Señalización, S.A.	15/12/2016	16.247	7.918,43 euros
Reynober, S.A.	15/12/2016	16.248	6.855,52 euros
Señales Girod, S.L.	15/12/2016	16.249	7.794,84 euros
Señalizaciones Villar, S.A.	16/12/2016	16.295	7.231,50 euros

Consta que tamén presentou oferta a empresa “Estampaciones Casado, S.L.”, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 15/12/2016, co número 16.283. A dita oferta foi presentada por medio do servizo dunha empresa de mensaxeiría, non constando fax previo anunciando a presentación da mesma por



medio dunha Oficina de Correos.

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que para a adxudicación deste contrato teranse en conta unicamente as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 19/12/2016.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

Primeiro.- No admitir a esta licitación á empresa “Estampaciones Casado, S.L.”, por ter presentada a súa oferta fóra de prazo.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor para a subministración de “Sinais verticais para vías e espazos públicos do municipio de Riveira” á empresa “Reynober, S.A.” (NIF A28106979), no prezo total do contrato de 8.295,18 euros (Base: 6.855,52 euros; IVE 21%: 1.439,66 euros).

Terceiro.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIVEIRA”.

No cemiterio de Riveira hai a necesidade de modificar a beirarrúa na entrada ao cemiterio dende a rúa Cristóbal Colón así como a construción dunha rampla de comunicación interior para permitir o acceso a persoas con mobilidade reducida, ademais de pavimentar con formigón varios corredores existentes na parte alta do cemiterio e pintar o muro exterior.

A tal efecto presentouse un orzamento pola empresa “Río Sieira, S.L.”, da dada 01/12/2016, cun importe total de 16.562,93 euros (IVE 21% incluído), que é informado favorablemente pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/12/2016, por considerar que no dito orzamento se inclúen tódolos medios persoais e materiais necesarios para executar os traballos.

Vista a proposta de contratación a favor de “Río Sieira, S.L.”, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/12/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.



Para realizar o investimento existe consignación orzamentaria, segundo o documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 14/12/2016 (número de operación 2016.22022372), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 164. 60900.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación, como contrato menor, para a realización das obras de "Mellora da accesibilidade no cemiterio municipal de Riveira", e **adxudicar o contrato á empresa "Río Sieira, S.L." (NIF nº B15137961), no**



prezo total do contrato de 16.562,93 euros (Base: 13.688,38 euros; IVE 21%: 2.874,55 euros), segundo o seu orzamento da data 01/12/2016.

Segundo.- Aproba-lo gasto con cargo á aplicación orzamentaria **164.60900**.

Terceiro.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

3.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE BEIRRARRÚAS EN RÚA DO BARREIRO (PALMEIRA).

Debido ao seu deterioro, faise necesario renovar as beirrarrúas da Rúa do Barreiro (Palmeira).

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira redactou, na data 02/12/2016, unha valoración dos traballos a realizar, por un importe total de 35.999,96 euros (Valor estimado: 29.752,03 euros; IVE 21%: 6.247,93 euros).

Para realizar o investimento existe consignación orzamentaria, segundo o documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 12/12/2016 (número de operación 2016.22022373), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61912.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra



representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación solicitáronse e presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Orzamento	Data	Prezo total (incluído IVE 21%)
Tamara Fernández Pérez	197/2016	09/12/2016	25.560,16 euros
Construccionen Jenaro Cadaval, S.L.	---	09/12/2016	29.040,00 euros
Construccionen Figueiras Vixán, S.L.	---	07/12/2016	31.868,30 euros

Visto que a oferta máis vantaxosa economicamente (prezo máis baixo) resulta ser a presentada por “Tamara Fernández Pérez”.

Vista a proposta de contratación a favor de “Tamara Fernández Pérez”, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/12/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

Primeiro.- Aproba-la valoración redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 02/12/2016, para as obras de **Renovación de beirarrúas en rúa do Barreiro (Palmeira)**, por un importe total de 35.999,96 euros (Valor estimado: 29.752,03 euros; IVE 21%: 6.247,93 euros).

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación como contrato menor.

Terceiro.- Aproba-lo gasto con cargo á aplicación orzamentaria **453.61912**.

Cuarto.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Renovación de beirarrúas en rúa do Barreiro (Palmeira)** á empresa “**Tamara Fernández Pérez**” (DNI nº 53489596Z), no prezo total do contrato de 25.560,16 euros (Base: 21.124,10 euros; IVE 21%: 4.436,06 euros), segundo o seu orzamento 197/2016, da data 09/12/2016.



Quinto.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

4.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DO PLAN PARCIAL PARA A DELIMITACIÓN E ORDENACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USO INDUSTRIAL”.

Visto o expediente que se tramita para contratar, os servizos de **“Redacción da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial para a delimitación e ordenación dun sector de solo urbanizable de uso industrial”**, cun orzamento total por contrata de 54.450,00 euros (valor estimado do contrato: 45.000,00 euros; IVE 21%: 9.450,00 euros).

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación urgente), o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e a autorización do gasto foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/11/2016.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

Licitador	Presentación da oferta no Rexistro de Entrada	
	Data de presentación	Número de Rexistro
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	14/12/2016	16.182
PORTELA VARELA PUENTE ARQUIT. S.L.P.	14/12/2016	16.183
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOC., S.L.P.	14/12/2016	16.184

A apertura dos sobres “A” (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 15/12/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres “B” (de referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/12/2016, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres “B” aos servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 14.A (aspectos de negociación



avaliáveis mediante xuízos de valor) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 16/12/2016 o arquitecto municipal José Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/12/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 19/12/2016, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" (de referencias técnicas):

Licitador	Concepto	Puntuación	Total
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	Calidade do servizo	15	24
	Medios técnicos materiais e humanos	9	
PORTELA VARELA PUENTE ARQUIT. S.L.P.	Calidade do servizo	10	20
	Medios técnicos materiais e humanos	10	
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOC., S.L.P.	Calidade do servizo	25	47
	Medios técnicos materiais e humanos	22	

A apertura dos sobres "C" (de ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, e o cálculo das puntuacións das ofertas económicas de acordo coa fórmula de valoración contida nos Prego tipo de cláusulas administrativas particulares da Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicados no BOP nº 103, do 01/06/2012 e dispoñible na súa Web oficial (www.dicoruna.es), realizouse pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 19/12/2016, e que dou resultado seguinte:

Licitador	Prezo ofertado (IVE 21% excluído)	Puntuación
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	45.000,00 euros	0,00
PORTELA VARELA PUENTE ARQUITECTOS. S.L.P.	43.000,00 euros	10,95
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	39.892,00 euros	24,67

Vistos os antecedentes expostos, así como a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, e a proposta formulada pola Mesa de Contratación na xa citada reunión da data 19/12/2016.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións*



Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN**, as proposicións admitidas á contratación da prestación dos servizos de **Redacción da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial para a delimitación e ordenación dun sector de solo urbanizable de uso industrial**", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1º	FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	47,00	24,67	71,67
2º	PORTELA VARELA PUENTE ARQUITECTOS. S.L.P.	20,00	10,95	30,95
3º	ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	24,00	0,00	24,00

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 12 e 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

5.- Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA".

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "Remodelación do campo de fútbol de Carreira", cun orzamento total por contrata de 263.973,36 euros (valor estimado do contrato: 218.159,80 euros; IVE 21%: 45.813,56 euros), e cun prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no "Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016",



aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 27/05/2016, segundo a Circular da data 08/06/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 10/06/2016, co número 7403).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data febreiro de 2016, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/02/2016 (emenda de deficiencias aprobadas por acordo plenario de data 28/03/2016)

O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.78000, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 11/08/2016.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 156, da data 18/08/2016 (emenda de erros publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 157, da data 19/08/2016), no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 18/08/2016 e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 26/08/2016.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 20/09/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1. “Limonta Sport Ibérica, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/09/2016, co número 11.601.
2. “Canarga, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.655, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.
3. “Obras y Viales de Galicia, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.656, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.
4. UTE entre “Mecano Sport, S.L.” e “Construcciones Fечи, S.L.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.662, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.
5. “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.663, enviada a través da oficina de correos na data 12/09/2016.
6. “Lancer Proyectos y Obras, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.664, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.
7. “Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.665, enviada a través da oficina de correos na data 12/09/2016.
8. “Composan Puentes y Obra Civil, S.L.” Oferta que foi rexistrada de



entrada na data 14/09/2016, co número 11.667, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.

9. "Mondo Ibérica, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.668, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.
10. "Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/09/2016, co número 11.670, enviada a través da oficina de correos na data 13/09/2016.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do exame da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 23/09/2016, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás seguintes empresas, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta:

- "Canarga, S.L."
- "Obras y Viales de Galicia, S.L."

B.- Requiritur aos licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 2 días hábiles emendasen os defectos ou omisións observados na documentación presentada (do xeito que se indica na correspondente acta levantada ó efecto), baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non procedesen á emenda da documentación:

- "Limonta Sport Ibérica, S.L."
- UTE entre "Mecano Sport, S.L." e "Construcciones Fechi, S.L.U."
- "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A."
- "Lancer Proyectos y Obras, S.A."
- "Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L."
- "Composan Puentes y Obra Civil, S.L."
- "Mondo Ibérica, S.A."
- "Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L."

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía, que se rexistraron de saída na data 26/09/2016 cos números que se indica a continuación, e que foron notificados por correo electrónico aos licitadores na mesma data 26/09/2016:

- "Limonta Sport Ibérica, S.L.".- Rexistrado de saída co número 5111.
- UTE entre "Mecano Sport, S.L." e "Construcciones Fechi, S.L.U.".- Rexistrado de saída cos números 5112 (Mecano) e 5113 (Fechi).
- "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.".- Rexistrado de saída co número 5114.
- "Lancer Proyectos y Obras, S.A.".- Rexistrado de saída co número 5115.
- "Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.".- Rexistrado de saída co número 5116.
- "Composan Puentes y Obra Civil, S.L.".- Rexistrado de saída co número 5117.
- "Mondo Ibérica, S.A.".- Rexistrado de saída co número 5118.



- "Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L."- Rexistrado de saída co número 5119.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da documentación aportada por cada unha das empresas requiridas, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 30/09/2016, acordou dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas "Limonta Sport Ibérica, S.L.", UTE entre "Mecano Sport, S.L." e "Construcciones Fechi, S.L.U.", "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.", "Lancer Proyectos y Obras, S.A.", "Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.", "Composan Puentes y Obra Civil, S.L.", "Mondo Ibérica, S.A." e "Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.", por considerar correcta a nova documentación presentada.

Na mesma reunión da Mesa de Contratación da data 30/09/2016 procedeuse a celebrar o acto público de apertura dos sobres "B" de criterios non avaliados de forma automática (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación. Realizada a dita apertura e despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada licitador, a Mesa de Contratación, acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" aos servizos técnicos pertinentes para que emitan o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 15.3 e no Anexo IV do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 08/11/2016 a enxeñeira municipal D^a. Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/09/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. No mesmo informe tamén se indica que:

"Non se valorou a seguinte oferta por incumprir o apartado 12.2.A.1) do P.C.A.P. "Calquera referencia en este gráfico a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta":

EMPRESA	INCUMPRIMENTO
LIMONTA	O importe do plan de obra non coincide co importe de licitación

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, A MESA DE CONTRATACIÓN, na súa reunión de data 11/11/2016, acordou:

- *Declarar excluída da licitación á empresa "Limonta Sport Ibérica, S.L." por canto o importe do plan de obra incluído no sobre "B" (de referencias técnicas) da súa oferta non coincide co importe de licitación, incumprindo polo tanto o disposto no apartado b) da cláusula 12.2.A.1) do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que:calquera referencia neste gráfico (diagrama de Gantt ou de barras) a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta.*

- *Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a*



continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios subxectivos avaliados mediante xuízos de valor:

	EMPRESA	a) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 9 pts)	b) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 13 pts)	c) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 6 pts)	d) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 12 pts)	PUNTUACIÓN TOTAL FASE 1
1	OZIONA	9,00	12,50	5,50	11,00	38,00
2	CANARGA	8,50	11,50	5,00	10,00	35,00
3	LANCER	8,50	12,00	4,50	8,50	33,50
4	OVIGA	9,00	10,00	5,00	9,00	33,00
5	COMPOSAN	9,00	11,50	4,00	8,00	32,50
6	UTE MECANO-	8,50	10,50	5,00	5,00	29,00
7	EULOGIO VIÑAL	5,50	8,50	4,00	8,00	26,00
8	GALITEC	6,50	6,00	4,00	6,00	22,50
9	MONDO	8,00	0,00	3,00	8,00	19,00

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, da proposta de redución de prazos de execución, de porcentaxe destinado a control de calidade externo e de porcentaxe destinada a control de calidade interno ofertados, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	VALOR ESTIMADO (IVE excluído)	PRAZO OFERTADO (días naturais)	% DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO	% DE CONTROL DE CALIDADE INTERNO
Canarga, S.L.	171.255,37	25	3	7
Obras y Viales de Galicia, S.L.	191.256,20	70	3	10
UTE entre Mecano Sport, S.L. y Construcciones Fechi, S.L.U.	191.544,30	46	3	8
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	155.438,86	45	3	10
Lancer Proyectos y Obras, S.A.	178.389,27	60	3	7
Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	183.000,00	30	3	2
Composan Puentes y Obra Civil, S.L.	201.841,44	56	3	0
Mondo Ibérica, S.A.	184.417,93	29	3	11
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	190.500,00	90	3	1

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a realizar o cálculo das puntuacións das ofertas económicas e de redución de prazo de execución, de acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas que figura no Anexo IV (fase II) do Prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas puntuacións



foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excma. Deputación Provincial da Coruña. Procedeuse así mesmo o cálculo das puntuación obtidas polos licitadores pola porcentaxe destinada a control de calidade externo e de porcentaxe destinada a control de calidade interno ofertados da maneira disposta no mesmo Anexo IV (fase II) do Prego de cláusulas administrativas particulares, e á vista do que, tendo en conta os antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 11/11/2016, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión de data 17/11/2016, adoptou os seguintes acordos:

- *Declarar excluída da licitación á empresa “Limonta Sport Ibérica, S.L.” por canto o importe do plan de obra incluído no sobre “B” (de referencias técnicas) da súa oferta non coincide co importe de licitación, incumprindo polo tanto o disposto no apartado b) da cláusula 12.2.A.1) do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que:calquera referencia neste gráfico (diagrama de Gantt ou de barras) a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta.*

- *De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras de REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA, do seguinte xeito:*

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓNS					
		Referencias técnicas	% de control de calidade externo	% de control de calidade interno	Redución de prazo de execución	Oferta económica	Total final
1	Canarga, S.L.	35,00	9,00	0,64	10,00	31,08	85,72
2	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	26,00	9,00	0,91	8,41	40,00	84,32
3	Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	38,00	9,00	0,18	9,60	24,46	81,24
4	Lancer Proyectos y Obras, S.A.	33,50	9,00	0,64	7,01	27,06	77,21
5	Obras y Viales de Galicia, S.L.	33,00	9,00	0,91	6,01	18,73	67,65
6	UTE entre Mecano Sport, S.L. y Construcciones Fechi, S.L.U.	29,00	9,00	0,73	8,33	18,53	65,59
7	Mondo Ibérica, S.A.	19,00	9,00	1,00	9,68	23,49	62,17
8	Composan Puentes y Obra Civil, S.L.	32,50	9,00	0,00	7,41	11,36	60,27
9	Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	22,50	9,00	0,09	4,00	19,25	54,84

- *De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de*



Contratos do Sector Público, requirir a “CANARGA, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 12.1.1 (a excepción da xa presentada anteriormente no sobre “A” de documentación simplificada da súa oferta) e na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.a), 61 e 61 bis do TRLCSP.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 21/11/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa “Canarga, S.L.” presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 05/12/2016 co número 15.891), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 05/12/2016 (nº operación: 2016 33008181), xustificativa de constitución de garantía definitiva do contrato por importe de 8.562,77 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 19/12/2016.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO - **Declarar excluída da licitación á empresa “Limonta Sport Ibérica, S.L.” por canto o importe do plan de obra incluído no sobre “B” (de referencias técnicas) da súa oferta non coincide co importe de licitación, incumprindo polo tanto o disposto no apartado b) da cláusula 12.2.A.1) do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que:calquera referencia neste**



gráfico (diagrama de Gantt ou de barras) a importes distintos do presuposto de licitación, suporá a non admisión da oferta”.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 17/11/2016, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de “REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA” á empresa “CANARGA, S.L.” (NIF número B-15360902), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 207.219,00 euros (Base: 171.255,37 euros; IVE 21%: 35.963,63 euros).

b) Prazo de execución: 4 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal D^a. Uxía Landeira Pereira con data febreiro de 2016.

c) Porcentaxe de control de calidade externo a financiar polo adxudicatario: 4 % (1 % obrigatorio + 3 % de incremento ofertado polo adxudicatario).

d) Porcentaxe destinado a control de calidade interno a realizar pola propia empresa: 7 %

CUARTO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

QUINTO.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

SEXTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún expediente para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Juana M^a Míguez Pérez e Francisco Javier García Fernández**, de datas 20/06/2016, 10/10/2016 e 24/11/2016 (Rexistros de entrada nº 8.014, 13.113 e 15.361), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, no lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A019006760000KM.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/12/2016, no informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 05/12/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/12/2016, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER a Juana M^a Míguez Pérez e Francisco Javier García Fernández **LICENZA DE OBRAS (Nº 59/16)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A019006760000KM, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22.2.16, Plano u-01, Plano a-01, Plano a-02, Plano a-03 e plano a-04 visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18.11.16 redactados por Francisco J. Calvo Pérez:

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo Enxeñeira Municipal **superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial no lindeiro este, refléxase unha superficie de cesión de 114,30 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 2.329,25 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*



Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*



- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE REGULADO NO ANEXO II DO DECRETO 29/2010 DE 4 DE MARZO ASÍ COMO DE SOLICITUDE DE LICENZA OBRA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Rehabilitación de vivenda unifamiliar e anexos.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria.

REFª CATASTRAL: 15074A039000430000KH.

SITUACIÓN: Lugar de arribas nº 4, Artes, Riveira.

PROMOTOR/A: Juan Carlos González Martín e Félix Pérez Oliveira.

AUTOR/A PROXECTO: Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973).

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 17.8.16.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra a nome da autora do proxecto Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973), visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 12.8.16 / Oficio de Dirección de Execución Material e Oficio de Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde a nome de Juan Moreno Badía, visados polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 194.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Juan Carlos González Martín e Félix Pérez Oliveira, solicítase, en escrito rexistrado de entrada na data 18.8.16, (Rexistro de entrada nº 10.543), licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar e anexos, existentes no lugar de arribas nº 4, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A039000430000KH achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 17.8.16 redactado por Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973).

2.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emite **informe técnico favorable** na data 20 de setembro de 2016 en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

3.- Posteriormente Aurora García Vicente actuando en nome e representación de Juan Carlos González Martín, en escrito rexistrado de entrada na



data 7.12.16, (Registro de entrada nº 15.947), escritura de propiedade para adxuntar ao expediente da solicitude de licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar e anexos, existentes no lugar de arribas nº 4, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A039000430000KH.

4.- Asimesmo a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira nas datas 7 e 12 de decembro de 2016 emite sendos informes no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do Planeamento Municipal facendo constar que:

“

(...)

En relación a cesión do terreo afectado por aliñacións onde establece unha superficie de cesión de 72,20 m² na franxa sita ao longo do vial no lindeiro oeste.

(...)

Se informa favorablemente.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

Segundo.- O artigo 15 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, establece que nas obras de ampliación de edificios e nas obras de ampliación de vivendas, será preciso cumprir coas determinacións das normas NHV-2010 ou dos anexos de habitabilidade aos que fai referencia no capítulo VI, exclusivamente na parte ampliada do edificio ou vivenda.

Nas obras de ampliación de edificios será preciso instalar un ascensor no edificio cando éste carezca del, se creen novas vivendas e a porta de acceso a éstas esté sita por encima da terceira planta dende o nivel de acceso do edificio.

Terceiro.- O artigo 16 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto establecendo que os promotores das actuacións de rehabilitación ou de ampliación de edificios ou vivendas existentes, construídos ao amparo da normativa de habitabilidade anterior a este decreto, poderán solicitar a través dos concellos a excepción do cumprimento das condicións de habitabilidade establecidas no mesmo si, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións de estas normas.

As determinacións da normativa de habitabilidade que poden ser excepciónadas de cumprimento e os límites e condicións para autorizar dita excepción recóllense no anexo II a este decreto.



A súa tramitación ante o Concello inciarase coa presentación da solicitude por parte do promotor da actuación. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do solar nos casos aos que fai referencia o artigo 7º e a proposta de intervención.

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto no que se recolla a relación detallada das determinacións das presentes normas que se incumplen no mesmo e a xustificación dos motivos que imposibiliten ou acosellen o seu incumprimento.

O procedemento axustárase ás normas da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. O concello resolverá e notificará no prazo máximo de seis meses sobre a actuación da execpcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións das NHV-2010 cuio cumprimento se exceptúa e aquelas outras para as que non, figurando na solicitude presentada, non se considera xustificando autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento. Ante a falta de resolución expresa transcurridos seis meses dende a solicitude, os interesados poderá entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 17 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula as propostas dos criterios a seguir elaboradas polo IGVS, onde establece que para garantir a labor de coordinación de criterios e a correcta e uniforme aplicación dos mesmos polas entidades locais, o IGVS poderá, oído o Comité Asesor de Habitabilidade, elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios a seguir á hora de resolver as solicitudes de excepción no cumprimento destas normas.

Aos mesmos efectos do punto anterior, os Concellos deberán remitir semestralmente á Dirección Xeral do IGVS a relación de expedientes de excepcionalidade tramitados que incluirá:

- a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que acompaña.
- b) A resolución emitida polo Concello.

O IGVS poderá reclamar aos Concellos e con relación a ditos expedientes, a documentación complementaria que estime oportuna.

Quinto.- Artigos 31 e seguintes da Lei de 10 de febreiro, do Solo de Galicia Galicia, (en adiante LSG).

O artigo 39 da citada LSG establece as condicións xerais das edificacións en solo rústico.

Así para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e tratamento de augas residuais, a



subministración de enerxía eléctrica, a recollida, tratamento, eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadorios suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestructuras existentes.

Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e aportando as garantías exixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumplir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se emplazará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1 m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta no excederá do 20% da superficie do predio. No caso de invernadoiro con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestructuras de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.



Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela debrán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, o nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

f) As edificacións destinadas ao uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar íntimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que ésta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán ubicarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cuando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta si a mesma e a explotación son do mesmo titular.

Aos efectos da presente lei, se considera explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Sexto.- O artigo 40 da LSG establece que as edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos agás o límite de altura,



permitirase a súa rehabilitación e reconstrucción, e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos previstos neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.

Sétimo.- O artigo 142 da LSG, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Oitavo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 17.8.16 redactado por Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Noveno.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.



No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Decimoprimeiro.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Decimosegundo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o **informe técnico favorable** emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 20 de setembro de 2016 en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia e visto asimismo os **informes técnicos favorables** emitidos pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira nas datas 7 e 12 de decembro de 2016 en relación a licenza de obra no que xustifica o cumprimento do establecido na Lei de 10 de febreiro, do Solo de Galicia Galicia, así como en relación a cesión do terreo afectado por aliñacións e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 12/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER aos Sres. Juan Carlos González Martín e Félix Pérez Oliveira, en virtude do artigo 17.2 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, **AUTORIZACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE** do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas, no que respecta á edificación existente no lugar de arribas nº 4, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A039000430000KH, de acordo coas determinacións do **Informe Técnico xustificativo da excepcionalidade do** Decreto 29/2010 de 4 de **xustificativo do incumprimento dos apartados II.3 D e F** emitido pola redactora do Proxecto, a arquitecta Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973):

- *Darase trasladada do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.*

Segundo.- CONCEDER a Juan Carlos González Martín e Félix Pérez Oliveira **LICENZA DE OBRAS (Nº 60/16)** para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXOS** existentes no lugar de arribas nº 4, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A039000430000KH, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 17.8.16 redactado por Aurora García Vicente, (arquitecta Col. Nº 3.973):



- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo a Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial no lindeiro oeste, **refléxase unha superficie de cesión en total de 72,20 m²**).

Terceiro.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.



- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Quinto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Oitavo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.



Noveno.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Agustín Martínez Vilas**, mediante escritos de datas 04/08/2016, 08/08/2016 e 30/09/2016, (Rexistros de entrada nº 10.110, 10.178 e 12.746), nos que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa e garaxe anexo construída ao amparo da licenza nº 359/10, sita no lugar de Segó, Agro das Pedras, Artes, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 16/12/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Agustín Martínez Vilas **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa e garaxe anexo sita en parcela con refª catastral nº 15074A039004020000KQ no lugar de Segó, Agro das Pedras, Artes, parroquia do termo municipal de Riveira, construída ao amparo da licenza de obra nº 359/10, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de decembro de 2010, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 1 de marzo de 2016, asinados polo Arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo Arquitecto Técnico Francisco Vázquez Fraga, **Acta de Replanteo e de Comenzo de Obra / Acta de Recepción de Edificio Terminado, Informe da empresa VIAQUA**



S.A.U. en relación á correcta execución de acometida de auga e acometida de saneamento así como **Xustificante do Catastro de Alta no IBI.**

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- APROBACIÓN DAS CONDICIÓNS PARA A AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE PORTUARIA PARA INSTALACIÓN DE MERCADILLO SEMANAL NO PORTO DE RIVEIRA.

Visto o escrito remitido por **Portos de Galicia - Zona Centro - Consellería do Mar**, de data 01/12/2016, rexistrado de saída en data 19/12/2016 co nº 2016038635 (Rexistrado de entrada en data 21/12/2016 co nº 16.504), no que remite



autorización temporal de ocupación de dominio público portuario (instalación de mercadillo semanal) para o vindeiro ano 2017, co seu correspondente plano de delimitación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Prestar a súa conformidade ao novo condicionado da autorización temporal de ocupación de dominio público portuario para o vindeiro ano 2017, co seu correspondente plano de delimitación.
- b) Que se proceda á sinatura dun dos exemplares e se remita á Xefatura da Zona Centro de Portos de Galicia para eficacia e validez desta autorización.

2.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIVEIRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E O PASEO DAS CAROLINAS NO CONCELLO DE RIVEIRA.

Visto o borrador de convenio de colaboración remitido pola **Consellería do Mar**, de data 01/11/2016, relativo á execución das actuacións de remodelación da Avenida do Malecón e o Paseo das Carolinas no Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o borrador Convenio de Colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Riveira para a execución das actuacións de remodelación da Avenida do Malecón e o Paseo das Carolinas no Concello de Riveira.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 22 de decembro de 2016

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle